

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN DE PARAPLÉJICOS Y GRANDES MINUSVÁLIDOS DE GALICIA (ASPAYM), PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN DIRIXIDO AO COLECTIVO DE LESIONADOS MEDULARES E/OU GRANDES DISCAPACITADOS RESIDENTES EN GALICIA E ÁS SÚAS FAMILIAS E O MANTEMENTO DA ENTIDADE PARA O EXERCICIO 2023

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Xuventude, nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 124/2022, de 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991

Doutra parte:

Don Francisco Javier Vieites Pérez-Quintela, con DNI 33257672V, en calidade de presidente da **Asociación de Parapléjicos y Grandes Minusválidos de Galicia** (en diante **ASPAYM**), con NIF G15323058, de acordo co nomeamento outorgado por Acordo da Asemblea Xeral extraordinaria do 28.09.2018, segundo o disposto no artigo 6 dos Estatutos da entidade, e os datos que constan no Rexistro central de asociacións da Comunidade autónoma de Galicia.

Interveñen no exercicio dos seus respectivos cargos e das facultades que teñen conferidas para convir en nome das entidades que representan, e

EXPOÑEN



I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións, entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas, ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída a competencia exclusiva en materia de asistencia social, segundo o disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia e a habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española. En virtude desta regulación aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social e Xuventude é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude.

IV. Que a entidade ASPAYM, de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro de asociacións co número 2004/8064-1ª, e ten como un dos seus fins a realización de actividades educativas, culturais e de apoio dirixidas ás persoas parapléxicas e discapacitadas físicas gravemente afectadas, tendentes á normalización e integración destas na sociedade.

A entidade figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-194.

ASPAYM ten como obxectivos:

- a) Desenvolver e defender os dereitos das persoas con discapacidade.
- b) Promocionar e apoiar ao colectivo de persoas con discapacidade física.
- c) Sensibilizar sobre a necesidade da integración social plena das persoas con discapacidade.



d) Desenvolver actividades de todo tipo encamiñadas a cubrir as necesidades das persoas asociadas así como dirixidas a acadar recursos para cumprir cos fins fundacionais.

e) A prestación de servizos sociais ao conxunto da comunidade.

f) Promover a integración laboral das persoas con discapacidade.

V. Que actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas parapléxicas e/ou grandes discapacitadas como consecuencia de lesións medulares, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da administración pública.

Conforme ao exposto, a Consellería de Política Social e Xuventude ten interese en subscribir un convenio de colaboración coa entidade ASPAYM para contribuír ao financiamento do seu mantemento e das actividades que comporta o programa de atención dirixido ao colectivo de lesionados medulares e/ou grandes discapacitados residentes en Galicia e as súas familias que ASPAYM ten previsto desenvolver durante o ano 2023.

VI. Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos artigos 36 a) e 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a entidade ASPAYM figura expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 como beneficiaria individualizada, así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Así mesmo, as actuacións obxecto dos programas subvencionados a través deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude que desenvolve o seu órgano de dirección a Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, segundo o previsto no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da





Consellería de Política Social e Xuventude que concretamente no seu artigo 21, prevé a competencia da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade para a proposta, o impulso, a elaboración das bases, e a tramitación dos procedementos de concesión e seguimento das axudas e subvencións a través da concesión directa ás entidades prestadoras de servizos sociais no ámbito da discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para a concesión directa dunha subvención destinada a desenvolver un programa de atención a persoas con lesión medular e/ou grandes discapacidades, ás súas familias e para o mantemento da labor da entidade, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

O obxecto deste convenio é contribuír, por parte da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia, ao financiamento do mantemento da entidade e das actividades que comporta o programa que ASPAYM ten previsto desenvolver durante o ano 2023 dirixido a persoas con lesión medular e/ou grandes discapacidades residentes en Galicia e ás súas familias e que a continuación se detallan:

a) Servizo de información, orientación e asesoramento: levarase a cabo por unha traballadora social. O seu principal obxectivo é asesorar a todas aquelas persoas con lesión medular que soliciten información sobre cuestións relacionadas coa súa discapacidade, así como aos seus familiares e persoas achegadas.

Dentro deste servizo incluírase un estudo para coñecer a situación e as necesidades do maior número posible de persoas con lesión medular que residen en Galicia.

b) Servizo de transporte adaptado: está destinado a asistir a todas aquelas persoas que, pola súa condición de persoa con lesión medular ou cunha grande discapacidade





que teña recoñecida unha mobilidade reducida, precise dun transporte adaptado para desprazarse e, particularmente, sempre e cando non estean cubertos por outras vías.

c) Servizo de apoio psicosocial á persoa que sufriu unha lesión medular recentemente: desenvólvese durante dúas fases ou etapas importantes para a persoa con lesión medular e para as súas familias e/ou persoas achegadas: o período hospitalario (a través de entrevistas concertadas) e o período post-hospitalario (ao seu regreso ao domicilio).

d) Servizo de rehabilitación integral: trátase dun servizo totalmente personalizado proporcionado por un fisioterapeuta. É totalmente personalizado para a atención do colectivo de lesionados medulares e de integración a outro tipo de discapacidades, con prioridade ás físicas.

Daráselle unha especial atención á muller embarazada que teña unha lesión medular e/ou grande discapacidade e ás súas familias, en cumprimento da Lei 5/2010, do 23 de xuño, polo que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada.

No deseño e no desenvolvemento das actividades que se van subvencionar a través deste convenio incorporárase de xeito transversal o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e terase en conta a perspectiva de xénero no seu deseño e execución.

SEGUNDA. *Obrigas e documentación*

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto coa descrición das actuacións do programa a desenvolver, a seguinte documentación:

a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo programa, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.



b) Declaración responsable, suscrita pola persoa representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

c) Presentación dun método de imputación de custos indirectos.

TERCEIRA. *Relación laboral*

A entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento previsto neste convenio, o persoal que no seu caso precise para desenvolver as actuacións que se subvencionan do programa citado.

A subscrición deste convenio non implica relación laboral ou contractual algunha entre a Consellería de Política Social e Xuventude e as persoas que realicen as actuacións que forman parte do programa referido, de tal xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

CUARTA. *Orzamento*

A previsión do orzamento de gastos para o mantemento da entidade e para o desenvolvemento das actuacións do programa que ten previsto desenvolver ASPAYM ascende á cantidade de 55.142,00€.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Xuventude achegará **cincuenta e cinco mil cento corenta e dous euros (55.142,00 €)** que serán imputados á aplicación orzamentaria **13.04.312E.481.28** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

QUINTA. *Gastos imputables*

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados pola entidade relativos a gastos de persoal e gastos correntes necesarios para o mantemento da entidade e para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula primeira.



A estes efectos, consideraranse gastos subvencionables a efectos da conta xustificativa, os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. E considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Son gastos subvencionables os seguintes:

- a) Gastos de persoal: custos salariais e de seguridade social do persoal necesario para realizar as actuacións que se subvencionan, ata un límite de 42.000,00€/ano por traballador a xornada completa. As retribucións acomodaranse proporcionalmente á xornada que se desenvolva no caso de que a prestación de servizos sexa a tempo parcial.
- b) Gastos de axudas de custo e desprazamentos do persoal vinculado ao desenvolvemento das actuacións que son obxecto de subvención. Estes deberán ser moderados ata o límite establecido nas compensacións establecidas para o persoal da administración pública autonómica.
- c) Gastos derivados da xestión e organización dos servizos de transporte que a entidade facilite ás persoas beneficiarias directas do programa, que sexan prestados pola entidade e derivados da asistencia aos mesmos que o precisen e demanden.
- d) Gastos en bens consumibles, sempre que estean relacionados coas actuacións do programa-objeto da subvención ou co mantemento de ASPAYM.
- e) Gastos xerais de natureza corrente necesarios para desenvolver as actuacións previstas no programa e para o mantemento da entidade: enerxía eléctrica, auga, combustible (se non están incluídos no aluguer), comunicacións, limpeza, seguridade, seguros de responsabilidade civil.
- f) O gasto do alugueiro dos locais nos que se desenvolvan as actuacións do programa subvencionado a través deste convenio, debidamente xustificado.
- g) Os financeiros, incluídos os gastos e xuros derivados de créditos bancarios formalizados coa finalidade de dispoñer de efectivo para cumprir co obxecto da subvención concedida mentres non sexa aboada pola Administración; de asesoría xurídica ou financeira, gastos notariais e rexistras e os gastos periciais para



desenvolver as actuacións do programa, así como os de administración específicos, se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución desta.

Polo que se refire aos custos indirectos establecerase e xustificarse a fracción do custo total que se considere imputable á actividade subvencionada segundo a aplicación dun método xusto e equitativo que debe constar por escrito e previamente á realización dos gastos.

SEXTA. *Compatibilidade con outras axudas*

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

SÉTIMA. *Forma de pagamento*

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria, nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase, un pagamento do 80% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 20% restante farase efectivo unha vez rematadas todas as actividades do do programa, aportando a documentación prevista na cláusula oitava do convenio

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade



Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o feito de non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro.

De opoñerse terá que facelo de xeito expreso, tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e achegar os xustificantes ou a documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, no seu caso.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución da garantía, ao incorrer no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA. Documentación xustificativa

1. Considerarase efectivamente pagado o gasto realizado cando se xustifique mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo entidade beneficiaria.

No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao programa subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín da persoa provedora.

Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín da persoa provedora.

2. A presentación da conta xustificativa levarase a cabo unha vez rematadas todas as actuacións subvencionables a través deste convenio, aportando a seguinte documentación, conforme ao previsto nos artigos 48 e 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro:

a) Unha memoria final das actuacións desenvolvidas en execución deste convenio, na que se indique a seguinte información: as actividades realizadas, as datas de inicio e



finalización destas, os resultados obtidos, a valoración cualitativa destes, o número de persoas beneficiarias, e aqueles demais aspectos que se consideren relevantes.

b) Unha memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1º Unha ficha resumo dos gastos de persoal e do resto de gastos, na que se diferencien os dedicados ao mantemento da entidade daqueles derivados da prestación do programa subvencionado a través deste convenio.

2º Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación da persoa acreedora e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación.

3º Unha relación na que se identificarán os apelidos e o nome das persoas respecto das que se imputan os gastos de desprazamento derivados de acudir ao programa obxecto de subvención que presta a entidade, e na que constarán: os días en que se realizaron os desprazamentos obxecto da xustificación, os motivos da viaxe e o lugar de reunión.

4º Especificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas pola entidade.

5º Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada obxecto deste convenio, na que se indique o importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

6º Os tres orzamentos solicitados pola persoa beneficiaria, no suposto de gastos de importe superior a 15.000 euros, de acordo co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

7º Se for o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.





3. A revisión da parte da conta xustificativa integrada polas facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia na letra b) do número 2 e a documentación acreditativa do pagamento será efectuada por unha persoa auditora de contas inscrita como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, designado pola entidade beneficiaria.

A estes efectos, aportarase o informe da revisión efectuada pola referida persoa auditora de contas, que se estenderá á totalidade da conta xustificativa, e que como mínimo deberá deixar constancia dos seguintes extremos:

1º A adecuación da natureza do gasto xustificado, tanto en relación ás actuacións subvencionadas do programa previstas na cláusula primeira, como en relación aos conceptos de gasto considerados como subvencionables especificados na cláusula quinta, con indicación daqueles gastos que non respondan a esta.

2º Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada na letra b) do número 2, conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación dos reparos correspondentes.

3º Verificación do cumprimento do disposto na cláusula novena en relación coas actividades subcontractadas, no seu caso.

4º Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificado, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás previsións contidas nesta cláusula e na cláusula sétima deste convenio.

5º Verificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.

6º Verificación do importe global percibido pola entidade como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado o financiamento das actuacións previstas no programa que se subvenciona a través deste convenio, e que este non supera o gasto total xustificado.



ASPAYM estará obrigada a pór a disposición da persoa auditora de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles en aplicación do disposto no artigo 11.f da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como a conservarlos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable.

4. En todo caso o prazo para a presentación da conta xustificativa da subvención deste convenio rematará o día 10 de decembro de 2023. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño. Exceptúase desta previsión a presentación da documentación xustificativa do pagamento das nóminas de decembro, documento de Relación Nominal de Traballadores (RNT) e documento de Relación de liquidacións de cotizacións (RLC) de novembro e decembro e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2023, que se presentará mediante addenda ao informe da auditoría na primeira quincena de febreiro de 2024.

5. Toda a documentación xustificativa dos gastos a subvencionar a través deste convenio deberá ser asinada pola persoa representante de ASPAYM.

NOVENA. Subcontratación

ASPAYM é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio e asume a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte a administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución total ou parcial de actividades ata unha porcentaxe do 50 por cento do importe total das actuacións financiadas a través do mesmo para a súa debida execución. A autorización baséase na necesidade de execución externa das actuacións previstas na cláusula primeira .

ASPAYM, no seu caso, comunicará a subcontratación á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social e Xuventude. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



DÉCIMA. Obrigas da entidade beneficiaria

1. En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, son obrigas da entidade beneficiaria:

a) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiaria previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e programas; adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.

c) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.

d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá realizarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.



g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actuacións dos programas que son obxecto da concesión da subvención a través deste convenio e nos lugares onde estas se realicen: "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Xuventude", co seu respectivo logotipo.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Asemade a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Incumprimentos, reintegros e sancións.*

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actuacións subvencionables a través do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

Entenderase incumprida a obriga de xustificar cando a Administración, nas súas actuacións de comprobación ou control financeiro, detectase que na xustificación realizada pola entidade beneficiaria se inclúsen gastos que non respondesen á actividade subvencionada, que non supuxesen un custo susceptible de subvención, que fosen xa financiados por outras subvencións ou recursos, ou que se xustificasen mediante documentos que non reflectisen a realidade das operacións.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



Sempre que se cumpran os requisitos ou as condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Xuventude poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade obxecto de subvención entenderase que este incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención concedida en virtude deste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMO SEGUNDA. *Vixencia*

Este convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

Non obstante, os gastos das actuacións subvencionables a través deste convenio que realizase ASPAYM dende o 1 de xaneiro de 2023 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Xuventude.

DÉCIMO TERCEIRA. *Obrigas de publicidade*

Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición, de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados



nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO CUARTA. Información básica sobre protección de datos persoais

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento



Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO QUINTA. *Comisión de seguimento*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Xuventude e dous representantes de ASPAYM, designados polas persoas que representen a cada unha das partes, así como os seus suplentes.



A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, designada pola persoa que asuma a presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEXTA. Réxime xurídico

Este convenio ten carácter administrativo e rexerese nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerese polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude, e os seus acordos porán fin á vía administrativa. Contra estes, poderá interpoñer un recurso potestativo de reposición ou acudir directamente á orde xurisdiccional contencioso-administrativa, de acordo co artigo 123 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Se o acto fose expresa, poderá formular un recurso de reposición no prazo de un mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, ou poderá interpoñer directamente un



recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Se o acto non fora expreso, poderá interpoñer un recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá formular directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de seis meses que se contará para a persoa solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, ambos os dous comparecentes o asinan no lugar e na data da sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e
Xuventude

O presidente de ASPAYM

Fabiola García Martínez

Francisco Javier Vieites Pérez-Quintela

